

## Resolución do 28 de febreiro de 2024, pola que se convocan 30 bolsas (“Becas Santander Erasmus”) para o estudiantado da USC que teña concedida unha mobilidade Erasmus+ para o curso 2024-2025

O programa “Becas Santander Erasmus” é un programa impulsado polo Grupo Santander co obxectivo de axudar ao estudiantado universitario que teña obtido unha axuda Erasmus+ de estudos para o curso académico 2024-2025, fomentando deste xeito a mobilidade e a formación dos/as estudantes no ámbito da Unión Europea.

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:** A USC, ao abeiro do convenio subscrito co Banco de Santander no devandito programa, convoca **30 bolsas** para o curso 2024-2025.

**2. PERSOAS DESTINATARIAS:** Estudantes da USC que vaian realizar estudos ao abeiro do programa Erasmus+ no curso 2024-2025.

**3. CONTÍA DA AXUDAS:** 2 axudas de 1.000€ e 28 axudas de 500€.

**4. MODALIDADE DE PAGAMENTO:** A bolsa será aboada pola USC directamente á persoa beneficiaria nunha conta corrente aberta polo/a estudante no Banco Santander, unha vez que se incorpore á universidade de destino. A incorporación xustificárase polo envío por correo electrónico do certificado de chegada asinado e selado pola universidade de acollida. Non se fará o ingreso antes de recibir dito certificado.

**5. SOLICITUDE:** O estudiantado que queira optar á bolsa “Becas Santander Erasmus” terá que inscribirse dentro do prazo ordinario na páxina <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/becas-santander-para-erasmus-2024-2025>

O estudiantado deberá autorizar á USC a proporcionar ao Banco Santander a información que este lles requira para os efectos destas bolsas.

**6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:** Dende a resolución de concesión da mobilidade ata o 19 de marzo de 2024.

**7. CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Para as 2 bolsas de **1.000€** os criterios de selección son os seguintes:

- 1 bolsa para o/a estudante co **mellor expediente académico**.
- 1 bolsa para o/a estudante co mellor expediente académico que acredite unha **discapacidade igual ou superior ao 33%**. En caso de non haber estudantes que cumpran este criterio, a bolsa concederáse ao/á estudante que conte co mellor expediente académico e sexa beneficiario/a dunha bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso 2023-2024.

As bolsas de **500€** distribuiranse atendendo **só ao criterio do expediente académico**.

**8. COMISIÓN DE SELECCIÓN:** A selección realizarase por unha comisión integrada pola Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, ou persoa en que delegue, a xefa da Oficina de Mobilidade e un/unha técnico/a da Oficina de Mobilidade.

**9. INCOMPATIBILIDADE:** As “Becas Santander Erasmus” son **compatibles** con outras axudas ou formas de

financiamento que poida obter o/a estudante beneficiario/a, pero serán incompatibles con outras bolsas do Banco Santander.

**10. RESOLUCIÓN:** Finalizado o prazo de avaliación de solicitudes, publicarase un **listado provisional** no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>. As persoas candidatas terán **5 días hábiles** para presentar alegacións a este listado provisional, a través do **registro electrónico da USC** identificándose coas súas claves de estudante. O acceso ao registro electrónico da USC é a través da web [www.usc.es](http://www.usc.es), no enlace Sede Electrónica > Servizos Persoais > Rexistro Electrónico. Farase una solicitude xeral (non existe procedemento) dirixida á Oficina de Mobilidade expoñendo a súa alegación. Rematado ese prazo, publicarase a **listaxe definitiva** das bolsas concedidas.

**11. ACEPTACIÓN:** Ás persoas seleccionadas seralles comunicada a concesión da axuda polo Santander a partir do **20 de xuño de 2024** e disporán dun prazo máximo de 7 días naturais para aceptala a través da plataforma [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

**12. REASIGNACIÓNS:** No caso de que se produzan renuncias despois da publicación da listaxe definitiva e estas sexan anteriores ao 5 de xullo de 2024, a USC poderá reasignar as axudas desertas a outros/as candidatos/as que cumpran os criterios de concesión.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

Por delegación de competencias (R.R. do 21/04/2022, DOG do 26/04/2022)

A Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/02/2024 17:10:06.

**CSV:** 139A-64E3-4F8C-B07C